

O SLG contra a forestación ilegal de terras agrarias fomentada pola Xunta



Coa ocupación simbólica desta finca en Santa María de Vigo (Cambre), o pasado 26 de maio, o Sindicato Labrego denunciou a forestación ilegal de terras agrarias que se está a producir en toda Galiza sen que a Consellaría de Medio Rural faga nada, a pesares das denuncias presentadas

O 26 de maio, unha comitiva do Sindicato Labrego ocupaba unha finca para denunciar a forestación ilegal de terras agrarias que se está a producir en toda Galiza coa conivencia da Xunta. Tratábase dunha pradería de catro hectáreas, na parroquia de Santa María de Vigo (Cambre, A Coruña), que, até hai ben pouco, producía pastos para o gando e que vén de ser plantada de eucalipto.

Exemplos coma este atopámoslos en todas as comarcas galegas, a pesares de que supoñen unha violación flagrante da Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, que prohibe expresamente as plantacións forestais en “zonas de labradío, cultivo, prados e pastos”. Por iso, a acción de Cambre será a primeira dunha campaña global coa que o SLG denunciará en toda Galiza un problema que está a

usurpar ás nosas explotacións a súa base territorial coa complicidade da Xunta.

Pouco despois, o 9 de xuño, o Consello da Xunta facía público o novo borrador da Lei de Montes, elaborado pola Consellaría de Medio Rural, no que se crea un apartado novo para legalizar a forestación de terras agrarias, un auténtico atentado contra o futuro das nosas explotacións.



Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García Rodríguez

Consello Editorial:

Carme Freire, Isabel Vilalba,
Manuel Docampo e Xabier
Gómez Santiso.

Colaboracións: Antonio

Ferreiro, Carme Freire, Manuel
Docampo, Isabel Vilalba, Antonio
Villarino, Begoña Sobrado, e Ana
Rodríguez.

Deseño e maquetación:

Xosé García Rodríguez

Sede da redacción:

Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - R/ Lugo nº 19,
entrecán 1º esquerda. Tif. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego,
5 - 1º C. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matin nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526

2 / Sumario

nº 287
Xuño de 2011



Editorial

- Indignados e indignadas co roubo da nosa terra.....3

Galiza



- A Consellaría de Medio Rural incumpre a lei que prohibe forestar terras agrarias.....4/5
- O SLG esixe a convocatoria e o pagamento das axudas do PDR 2007-2013.....6/7
- O negocio dos seguros médicos privados.....8/9
- A directiva da UE 2000/60 non obriga a privatizar nin a pagar pola auga.....10/11
- O gran negocio das eléctricas arruína ás nosas explotacións agrogandeiras.....10/11

Aldea Global



- A Política Agraria Común máis alá do 2013.....12/13
- Contra a supresión dos dereitos de plantación de viñedo.....13

Sectores Gandeiros



- As explotacións ao límite por mor dos ataques da fauna salvaxe.....14/15
- Explotacións de Muxía, Tordoia e Arzúa levan a Lácteos Tambre aos xulgados.....16

Montes



- A nova Lei de Montes: atentado contra as explotacións agrarias e gandeiras de Galiza.....17

Mulleres



- A Secretaría Xeral de Igualdade divulgará a nova Lei de Titularidade Compartida nas Explotacións.....19

Seguridade e saúde laboral



- Os riscos laborais específicos das mulleres labregas.....20/21

O Fouce está cofinanciado pola:



Contraportada

- O Pedrón de Ouro reconece a traxectoria de Lidia Senra, do SLG, e a loita das mulleres labregas.....24

Indignados e indignadas co roubo da nosa terra

O galego é un pobo cun vencello moi fondo coa terra. A diferenza doutros pobos da Península e de Europa, na Galiza as grandes herdades das familias fidalgas conviviron coa pequena propiedade, convertendo ao noso país nun claro exemplo de minifundismo que propiciou que o meirande das familias que vivían e viven no rural fosen propietarias da terra, aínda que esta fose pouca.

Dende vello, a propiedade da terra por parte duns poucos foi un instrumento de dominio que permitiu a algunhas familias gobernar como amas ao resto da poboación, que era serva traballando en terra allea. Se cadra, polo que dixemos ao comezo, isto non se viviu na Galiza coa agudeza que tivo noutros pobos. Mais, hoxe en día, o noso país está a vivir unha usurpación masiva da terra sen precedentes na súa historia.

Os novos amos que se están apoderando da terra non teñen rostro -como antano-, nin apelidos fidalgos, nin escudos familiares. Trátase de grandes multinacionais e empresas sen cara, das que pouco máis coñecemos que os seus logotipos e as súas marcas. A súa influencia é tan grande que, neste intre, a Xunta de Galiza gobernada polo Partido Popular está redactando unha Lei de Montes que pretende legalizar a reconversión das nosas leiras, praderías, hortas e viñedos, en plantacións forestais; é tal a súa forza, que as autoridades miran cara a outra banda mentres se está a violar flagrante e xeneralizadamente a Lei de Prevención de Incendios, que prohíbe plantacións forestais en terras agrícolas e a menos de cincuenta metros das vivendas.

Vese ás claras que existe unha estratexia e unha planificación dirixidas a acabar coa agricultura e

a gandería na Galiza e a converter o noso medio rural, dende os vales, chairas e ribeiras até as serras e cumes, nunha monstruosa plantación forestal. As beneficiadas do proceso son grandes empresas que, agora mesmo, xa comezaron a invasión das terras labregas con cultivos para a produción de agrocarburos, de enerxía a partir da combustión de agromasa, ou de pasta de papel e celulosa.

■ Políticas antiagrarias rompen os vencellos entre a xente e a terra

Na Galiza, dende hai décadas, o Partido Popular está executando un labor de demolición do medio rural como eido de produción de alimentos para deixarllo en bandexa a estas industrias. Forestáronse e foréstanse miles de hectáreas de terra agrícola, con total impunidad cando violaron e violan a lei pero, moitas veces, mesmo subvencionadas con cartos públicos de eses que din para “desenvolvemento rural”. Deste xeito, fanse cada vez máis difíciles os traballos agrarios vinculados a unha base territorial, por non dicir as propias actividades agrarias e gandeiras. O despoboamento do rural e o peche de miles de explotacións son boa proba diso e unha boa nova para estas empresas que, grazas a isto, atopan toda a terra que queren abandonada e a prezo de saldo.

Desta maneira, as políticas antiagrarias do Partido Popular e o gran capital están a conseguir algo que nunca se conseguira na historia de Galiza: crebar o forte vencello que existe entre as persoas e a terra. Co despoboamento no rural e a masificación crecente dos grandes núcleos urbanos, a xente mudou o terrón polo asfalto de maneira xeneralizada; os apeiros xa se exhiben nos museos e os alimentos obtéñense nos supermercados sen

esfuerzo, subministrados, moitas veces, polas mesmas multinacionais que nos roubaron e rouban a terra.

■ Indignación labrega

Sobran motivos, xa que logo, para que labregos e labregas esteamos indignados e indignadas. Por iso, acollemos con esperanza o movemento do 15-M. Para Galiza, para a humanidade enteira, a defensa da terra como medio para producir alimentos é unha cuestión de supervivencia que nos afecta a todos e a todas. Aféctanos aos labregos e labregas, porque é o noso medio de vida; afecta a toda a cidadanía, porque están en xogo os alimentos que levamos á boca; e afecta ao pobo galego como tal, porque a súa soberanía, territorio e capacidade de producir a propia alimentación están en xogo.

No Sindicato Labrego levamos moitos anos indignados e indignadas, denunciando estas políticas coas que se lle están a roubar as terras ás nosas explotacións, coas que se está deixando sen futuro e sen relevo xeracional ao medio rural, e que están convertendo as actividades agropecuarias e a produción de alimentos nunha misión case imposible. Por iso, agora máis que nunca, con firmeza diante de tantas agresións, é fundamental traballarmos de xeito activo e urxente para forxar novas alianzas, e para reforzar as xa existentes, de cara a levantar un muro de indignación contra toda esta vaga do capital e da política neoliberal que pretenden roubarnos nin máis nin menos que a nosa esencia coma pobo. É o intre de dar pasos efectivos para que as políticas que se tracen dende os poderes públicos, de agora en diante, non teñan aos gobernos como aliados e executores da destrución do noso país.

A Consellaría de Medio rural incumpre a lei que prohibe forestar terras agrarias

O SLG inicia unha campaña contra a ocupación ilegal de prados e leiras con plantacións forestais

O pasado 26 de maio, unha comitiva de xentes do Sindicato Labrego Galego desprazábase até a parroquia de Santa María de Vigo (Cambre), para facer un acto de denuncia e

chamar a atención sobre as forestacións ilegais de terras agrarias que se están a realizar en toda Galiza co consentimento da Consellaría de Medio Rural. Foi a primeira dunha serie

de accións para deter un proceso que está a deixar ás nosas explotacións agropecuarias sen base territorial e a afectarlle de xeito moi negativo á súa capacidade produtiva.

Até Santa María de Vigo achegáronse titulares de explotacións de toda Galiza afectados e afectadas por este problema. O lugar de encontro foi unha finca de catro hectáreas que, até hai ben pouco, estaba dedicada á produción de pastos para o gando e que, recentemente, foi plantada toda ela de eucaliptos, a pesares de ser solo agrario e terse destinado recursos públicos para a concentración parcelaria da zona. Un notario levantara acta da plantación forestal, o día anterior, para avalar a denuncia.

Este plantío ilegal, como outros moitos de Galiza, viola a Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais 3/2007, que impide as plantacións forestais nas inmediacións dos núcleos de poboación e que, no seu artigo 25b, prohibe expresamente “as repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística”.

■ Absoluta pasividade da Xunta de Galiza

A pesares de estarse a cometer unha infracción flagrante desta lei en todas as comarcas de Galiza, e a pesares de que as denuncias de tipo administrativo que contempla a propia lei para o seu cumprimento se teñen interposto a mancheas (tanto dende as explotacións como dende o Sindicato Labrego), a Consellaría de Medio Rural non moveu un dedo para parar esta ocupación das terras agrarias de Galiza por plantacións forestais.



Na finca de Cambre ocupada polo SLG, plantada na súa totalidade de eucaliptos, aínda medraba a herba



Eliseo Cebreiro, produtor de leite de Bardaos (San Sadurniño, A Coruña)

As explotacións de leite tamén se ven moi afectadas, como a que rexentan **Eliseo Cebreiro e Gelines** en Bardaos (San Sadurniño). Eliseo denuncia que “nos están a comer a terra onde poderíamos producir a manutención do noso gando”. Para Eliseo “isto é unha inxustiza e condénanos a seguir dependendo de fóra para mercar pensos e cereais para alimentar o noso gando que, co prezo ao que están, nós supón un grande agravio económico, cando nós poderíamos producir a manutención da nosa cabana gandeira en base á terra”.



Claudina Sánchez e Xosé Edreira, explotación de pataca en Viños (Abegondo)

Claudina e Xosé teñen unha explotación de pataca en Viños, onde viven xunto a outros vinte veciños. Amparados pola pasividade da Xunta, cinco destes veciños fixeron plantacións forestais nas súas leiras. Claudina queixase de que “prexudican moito os nosos cultivos por mor da extensión das raíces e da sombra que proxectan”. Xosé explica que as polas das árbores “chegan á cima das casas” e lles asombran e impiden producir a “vinte regos da leira de patacas que, nun bo ano, poderían chegar a darlles até sete toneladas de produto”.



“Estáselles usurpando ás explotacións do noso país a base territorial”

A secretaria xeral do Sindicato Labrego, Carme Freire, denunciou que “o que está a acontecer neste intre na Galiza é absolutamente denigrante. Hai unha lei que nos protexe, supostamente, dos incendios, impedindo que Galiza se converta nunha gran masa boscosa ao pé dos núcleos de poboación e que poña en perigo a estes en caso de incendio; e que prohibe a forestación de terras agrarias. Nembargante, coa total inhibición da Xunta, se están forestando terras de vocación agraria en todas as comarcas galegas. Ademais, estáselles usurpando ás explotacións do noso país a base territorial que necesitan para seguir producindo alimentos e para continuar coa súa actividade. En resume, a lei está a ser incumplida flagrantemente pola Xunta, que fai caso omiso das denuncias que se lle presentan, poñendo en perigo de incendio a moitos núcleos de poboación e hipotecando o futuro das nosas explotacións”.

Carme Freire explicou que “esta non vai ser unha acción illada” e que o SLG “continuará denunciando todas as violacións da Lei contra Incendios das que teña constancia, pois non estamos dispostos nin dispostas a que se fagan leis para que despois sexa a propia Xunta quen as incumpra”.

Mercedes Alonso, gandeira e vicerresponsable da Dirección da Carne do SLG “En 2003, en Viascón había 63 hectáreas a pastoreo; hoxe, non queda ningunha”

A explotación de Mercedes, na parroquia de Viascón (Cotobade) é unha illa en medio dun mar de eucaliptos. As únicas fincas limpas son as praderías onde pacen as súas vacas. O resto: plantíos forestais

que chegan impunemente até á porta das casas. Aínda que quixese, sería imposible ampliar a explotación, como imposible é que se instale xente nova para vivir da agricultura... Non hai terra agraria.

■ Foi sempre así?

Para nada. Antes todos os veciños tiñan vacas. Onde agora hai eucalipto, antes había viñado, horta e prado. En Viascón, temos un clima e unha terra privilexiados onde se dá de todo. Cando comecei, en 2003, había na parroquia 63 hectáreas dedicadas a pastoreo; hoxe, non queda ningunha.

■ Tes pensado ampliar a explotación?

Si que me gustaría ter máis cabezas de gando, pero non podo por falla de base territorial. E tampouco me vale coller terras na parroquia veciña, porque entón tería que dar de alta outra explotación e ter dúas, co problema engadido de ter que pasar o gando a través dunha estrada xeral. Para poder seguir, teño sete hectáreas na parroquia veciña, pero só podo dedicalas a segas de herba seca e silo, non a pastoreo.

■ E se a xente nova quixese instalarse en Viascón e vivir da agricultura ou da gandería, poderían?

Imposible. Non hai terras. A miña, é a única explotación que queda na parroquia. Ao meu fillo sempre lle gustou traballar aquí e é quen me axuda. Pero aínda que quixese montar el a súa propia explotación non podería, así que está na obriga de facer traballos fóra. Vivir todos só do gando, sen ampliar o número de cabezas, sería moi complicado.

■ A túa casa e a explotación están rodeadas de eucalipto sen distancias de seguridade. Fai algo a Administración para impedir estas plantacións ilegais?

Nada. O Concello mandou aviso aos propietarios dos eucaliptos, pero ninguén corta.

■ Tedes problemas cos incendios?

Si. No ano 2005 houbo un que arrasou todo. Nós perdemos 25 rolos de silo que tiñamos apartados nunha finca. Ardeu todo ao redor da explotación, con grande perigo, pois tiñamos aí o gasóleo almacenado. Tivemos que ter asistencia directa dos bombeiros para que o lume non chegase á explotación.

■ E ninguén está en contra da invasión de eucaliptos?

Ninguén protesta. Na comunidade de montes de Viascón argumentan que, grazas ás plantacións de eucalipto, veñen cartos para a parroquia. Hai algunha persoa que está en contra, sobre todo a xente maior que ten a referencia dunha parroquia coas fincas limpas, con hortas e viñedos, con leiras e prados; pero son os menos.

■ Con tanto eucalipto, de seguro que haberá algún que outro xabaril...

Esta zona é considerada refuxio de fauna e non autorizan batidas, a pesares de que temos problemas moi serios cos ataques do xabaril, os esquíos e os corvos. Este ano botamos xirasol para ensilar e o xabaril estragouno todo. Tamén me ten arrasado as leiras de millo que, cando non cho estraga o xabaril, veñen os esquíos e cómencho. En canto aos corvos, hai moitos e, mesmo, houbo anos nos que case foron praga.



O SLG esixe a convocatoria e pago das axudas do PDR 2007-2013

A Consellaría de Medio Rural deixa de convocar varias liñas de subvencións a pesares de ter os cartos

A Unión Europea deulle a Galiza máis de 1.500 millóns de euros para o agro que a Xunta xestiona e reparte en varias liñas de axudas. Mais, nos últimos tempos, moitas destas subvencións

non se están convocando ou, simplemente, non se pagan. A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, e a responsábel de Desenvolvemento Rural, Ana Rodríguez, ofreceron, o 6 de xuño, unha

rolda de prensa para denunciar o impago, atraso e posible desaparición e desvío de fondos destas axudas do Programa de Desenvolvemento Rural 2007-2013 (PDR).

O PDR 2007-2013 é un programa que ten unha dotación consignada e aprobada de 1.532.372.562 € para a totalidade do período que abarca. Deses cartos, o 58% vén do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural "Feader" (888.801.564 €); mentres que o 42% restante (643.570.998 €) póneno a Xunta e o Estado a partes máis ou menos iguais.

A pesares de que os cartos están consignados e orzamentados, existen numerosas liñas de axudas do PDR 2007-2013 que aínda non se convocaron neste ano; ou que, mesmo, a pesares de ter sido convocadas, levan sen aprobarse e sen abonarse dende o ano 2010. Mesmo hai explotacións que teñen axudas pendentes de cobro dende 2009. Vexamos algúns exemplos:

1. Axudas agroambientais: a última convocatoria foi en 2010. A pesares das promesas de Medio Rural, a día de hoxe, esas axudas seguen sen estar aprobadas e, polo tanto, pendentes de ser cobradas polas persoas que as solicitaron. Mesmo hai algunhas explotacións que aínda non cobraron as axudas de 2009.

2. Apoio aos agricultores que participan en programas de calidade dos alimentos: as axudas aprobadas no ano 2010 e publicadas no DOG nº 224 do luns 22 de novembro de 2010 están sen pagar. Aínda non se convocaron as axudas do 2011.

3. Axudas para as inversións en transformación e comercialización de pro-



Ana Rodríguez e Carme Freire denunciaron a total falla de transparencia por parte da Xunta no reparto dos fondos do PDR 2007-2013

ductos agrarios: Non se convocaron aínda.

4. Actividades de información e promoción de

produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada: Redución drástica das partidas orza-

mentarias. Hai consellos reguladores que recibían 200.000 euros e que agora van recibir só 60.000.

5. Sevizos de asesoramento ás explotacións: Na última convocatoria houbo unha forte rebaixa na contía destas axudas. Na convocatoria de 2008 dábanse 1.380 euros por explotación, e en 2010 deuse pouco máis de 900 euros por explotación.

6. Axudas a entidades de aconsellamento: Rebaixa importante das axudas.

7. Axudas a primeira repoboación forestal en terras non agrarias e fomento de frondosas caducifolias: Están sen convocar aínda as axudas do 2011.

8. Promoción da multifuncionalidade do monte: Non se convocan dende 2008.

“Imos fiscalizar para que non se desvíen fondos fóra da agricultura”

No contexto actual de custes de produción en constante ascenso (electricidade, gasóleo, pensos, abonos e fertilizantes, sementes, etcétera), e cos prezos agrarios estancados ou á baixa, a viabilidade económica de miles de explotacións na Galiza depende de axudas como as devanditas.

A total falla de transparencia da Consellaría de Medio Rural fai que, a día de hoxe, non se saiba se moitas delas van ser convocadas ou non. No mellor dos casos, aínda que se convoquen despois do verán, estaremos falando de axudas que, entre cumprimento de prazos e outros trámites, non poderán ser cobradas, con sorte, até finais do ano 2012, co conseguinte prexuízo para as explotacións.

A responsábel de Desenvolvemento Rural do SLG, Ana Rodríguez, dixo non entender

“o problema que hai para non convocar nin pagar unhas axudas que xa teñen asignados fondos económicos e que deberían estar sendo convocadas con normalidade”. Por iso, o Sindicato Labrego Galego esixiu da Consellaría de Medio Rural:

- A convocatoria inmediata das axudas do ano 2011 que estean sen convocar.
- O pagamento inmediato das axudas do 2009 e 2010 que estean sen aboar.
- Transparencia na xestión dos fondos do PDR 2007-2013 e información para que as explotacións poidan saber a que aterse.

Ana Rodríguez advertiu que “o Sindicato Labrego Galego vai fiscalizar o PDR 2007-2013 para que non quede nin un céntimo sen gastar, e para que non se desvíen fondos cara a outros fins que non teñan que ver coa agricultura”.

A Xunta pretende quitarlle 16 millóns de euros do PDR ás explotacións

O comité de seguimento do PDR 2007-2013 reuniuse, o 10 de xuño, e a el asistiu a responsable de Desenvolvemento Rural do SLG, Ana Rodríguez, que amosou o frontal rexeitamento desta organización agraria á nova redistribución de fondos que a Xunta pretende levar a cabo cos cartos do PDR.

En resume, a Xunta pretende sacar 3.474.000 euros do eixe 1, e 12.524.000 euros do eixe 2; para darllos ao eixe 3. É dicir, queren desviar case 16 millóns de euros das axudas ás explotacións cara a investimentos que, no meirande, non van ter que ver nin coa agricultura nin coa gandería.

Para o SLG, se a Xunta considera que sobran cartos dos destinados directamente á agricultura e gandería, deberían reconducirse a apoiar a aquelas explotacións que, habitualmente, quedan fóra das axudas, como as pequenas, as multifuncionais ou as mixtas, posto que non son beneficiarias de practicamente ningunha axuda.

Habería que facer que as axudas agroambientais serviran, por exemplo, para as explotacións de horta e viñado. Habería que cuestionarse, tamén, as razóns polas que non hai novas incorporacións ou por que non hai solicitudes de axuda na diversificación cara actividades non agrarias. No SLG cremos que as axudas deben adaptarse á realidade e non ao revés como agora: que as explotacións deben adaptarse ás axudas. En Galiza non nos podemos permitir o luxo de que sigan pechando explotacións, nin de seguir perdendo superficie agraria.

O Sindicato Labrego participou na Semana Galega do Comercio Xusto

Afilados e afiliadas puideron vender directamente os seus produtos no mercado transparente

Entre o 10 e o 18, celebrouse a XI Semana Galega do Comercio Xusto que, desta vez, estivo centrada nos tratados de libre comercio e na privatización dos dereitos e dos recursos que estamos

a sufrir, de xeito crecente, nos últimos tempos; e contou coa organización de Amarante e a participación, entre outras organizacións, de Verdegala e do Sindicato Labrego Galego.



O mercado transparente achegou produtos labregos á cidadanía sen intermediarios e con prezos xustos

Entre as actividades feitas durante esta semana houbo un mercado transparente, que se celebrou en Compostela, Pontevedra, Vigo, Ourense e Ribadeo. Con este mercado, produtores e produtoras do SLG venderon

directamente os seus produtos e, de paso, informaron á cidadanía sobre os abusos que se dan nos mercados convencionais, nos que se producen situacións de auténtica inxustiza entre o que se cobra en orixe e o que

lle cobran aos consumidores e consumidoras finais.

Ademais, compañeiras do SLG como Lidia Senra ou Isabel Vilalba participaron en diversas mesas redondas enmarcadas na programación deste evento.

Xa podes mercar o libro

“Lidia Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable”



**de Tareixa Ledo Regal
(Edicións Laiovento)**

Prezo de venda
ao público: **18 €**

Prezo especial
para afiliados e
afiliadas: **15 €**

**Á venda en todos os
locais do SLG**

**Presentacións: 30 de xuño
na Coruña na casa museo Casares
Quiroga, ás 20:00 horas; 7 de xullo
no Rosal (ás 12:00 horas); o 14 de
xullo en Crecente (ás 12:00 horas).**

Estratexias para a privatización (2)

O negocio dos seguros médicos privados

Na páxina 17 do Fouce 286, publicouse un artigo que falaba sobre a consideración xeral que o Sindicato Labrego Galego ten sobre os seguros privados. Para abondar máis sobre

este asunto, e para dar máis elementos de reflexión sobre como funcionan e que supoñen para os labregos e labregas os seguros privados, neste Fouce explicaremos como funcionan os

seguros que cobren a asistencia sanitaria, cal é a súa realidade na Galiza, e que supoñen para as familias e para o sistema público de saúde e de Seguridade Social.

No SLG defendemos unha cobertura sanitaria asistencial pública de carácter amplo, universal, obrigatorio e de calidade. Con independencia da capacidade adquisitiva das persoas. Defendemos tamén o aumento das prestacións asistenciais, de xeito que cubran todas as necesidades sanitaria básicas indispensables para a mellora da calidade de vida de toda a cidadanía. Para que puidera existir un equilibrio, por razóns de xustiza social, as prestacións que cada persoa paga á Seguridade Social deberían establecerse en función da renda, de xeito que fosen as rendas máis altas as que tivesen unhas cotizacións mais altas, tamén cando falamos de autónomos/as ou activos agrarios.

O seguro médico privado, tamén coñecido como seguro sanitario privado, seguro de saúde ou seguro de enfermidade, pode contratarse a título individual ou colectivamente por empresas a conta dos seus traballadores e traballadoras; as pólizas colectivas contan con incentivos fiscais. Contrátanse a empresas con finalidade lucrativa (compañías de seguros) ou non lucrativas (mutuas). As mutuas son financiadas, maioritariamente, con fondos públicos, e son un privilexio para o funcionamento e outros colectivos.

O seguro médico privado consiste nun contrato polo que unha compañía aseguradora se fai cargo duns gastos sanitarios concretos a cambio do pago dunha prima



mensual polo asegurado.

O medre dos seguros privados ten relación directa coas deficiencias e co deterioro da sanidade pública: prestacións asistenciais que non cobre a Seguridade Social, listas de espera, masificación, capacidade de escoller provisión asistencial... Tamén ten que ver co poder adquisitivo, cos temores a aparición de enfermidades, etcétera.

Existen tres grandes grupos de seguros médicos privados: Os seguros complementarios, que financian de xeito total ou parcial cober-

turas e servizos asistenciais non cubertos pola Seguridade Social; os seguros substitutivos, que son a principal

fonte de cobertura asistencial (neste grupo están as grandes mutualidades do Estado); e os seguros suplementarios, que son aqueles que cobren determinadas prestacións fóra do sistema público, e pode ser un seguro privado alternativo ou de cobertura duplicada, a maiores do público.

As compañías aseguradoras son uns dos grandes negocios que existen, capaces de incrementar beneficios en épocas de crise, con subas nas primas por riba da inflación e recortando a porcentaxe que dedican a financiar a asistencia que prestan. No Estado Español hai compañías que apenas dedican o 70% do volume recadado a financiar a asistencia que prestan. Os gastos de xestión e administración das aseguradoras privadas son moi superiores aos do sistema público de saúde: Mentres os gastos administrativos da Seguridade Social oscilan entre o 3 e o 5% do total do gasto sanitario, o gasto de administración das aseguradoras privadas sitúase entre o 12 e o 18%.

Como se fixan as primas

As primas determináanse dependendo das coberturas a asegurar e tendo en conta: a idade, o estado de saúde, os antecedentes, o sexo e a provincia na que vive a persoa asegurada. Cada vez hai unha maior tendencia por parte das aseguradoras privadas a diminuír o gasto asistencial facendo unha selección da carteira das persoas aseguradas, evitando ou elevando as cotas aos de peor saúde, idade avanzada, mulleres en idade de procrear, e persoas con menos recursos económicos.

Existen topes nas cantidades do gasto, franquicias, que exclúen pequenos gastos moi frecuentes; tamén se xeneralizan os copagos en cada modalidade de asistencia contratada.

Continúa na páxina seguinte ►

► Vén da páxina anterior

Que é o copago

O copago nos seguros privados significa que parte da asistencia asegurada corre a cargo da aseguradora e outra parte tería que pagala o asegurado.

Ultimamente, por mor das políticas de dereitas e das dinámicas do ultraliberalismo, que actúan ao ditado dos “mercados”, cada vez se fala máis de introducir os copagos na Asistencia Sanitaria Pública. De poñerse en práctica, isto implicaría que parte dos custes da asistencia sanitaria pública terían que ser pagados polo paciente. Consecuentemente, a asistencia sanitaria deixaría de ser totalmente gratuíta, fomentando as desigualdades segundo o nivel económico, e potenciando aínda máis a proliferación do negocio dos seguros privados para completar a parte que deixaría de sufragarse a conta dos orzamentos públicos.

Debemos aclarar que o orzamento que se destina polo Estado e polas comunidades autónomas á asistencia sanitaria sae do que cotizamos á Seguridade Social as persoas activas. E que no SLG somos contrarios aos copagos e a calquera mecanismo que supoña un recorte na calidade ou nos logros sociais conseguidos, tamén chamados “estado do benestar”.

Problemas máis comúns

Os seguros privados son un negocio en si mesmos. O que se ofrece na publicidade non sempre corresponde co que se asina ao contratar o seguro. Segundo as asociacións de consumidores e usuarios, a maior parte das queixas e demandas das persoas que contratan seguros privados dánse por este desaxuste que existe entre as prestacións que din as persoas que os ofrecen; en contraste coa realidade á hora de facer uso, de ler e interpretar o que pon realmente o contrato.

Outro problema derivase do baixo custe que perciben os profesionais sanitarios polos servizos prestados, vía aseguradora. Esta circunstancia fai que estes profesionais recomenden máis tratamentos que os habituais para aumentar a prestación e usen os materiais máis económicos para compensar a perda de ingresos.

En resume

A sanidade pública conta con moitos máis medios e mellor infraestrutura. Ademais, non discrimina por idade, estado de saúde ou posición económica. Debemos presionar aos gobernos para que existan máis e mellores prestacións, máis descentralización, e se reduzan ao máximo as listas de espera. Se alguén decide contratar, a maiores, un seguro privado, que teña en conta que, como todo negocio, non é panacea, que ninguén dá pesos a catro pesetas. Neste senso, debe mirar ben que é o que asina no contrato e a que se comprometen as partes. ■



O SLG da Mariña quéixase a Medio Rural ante a falla de axudas polos danos do Doris

O pasado 9 de xuño, reuníase co xefe territorial da Consellaría de Medio Rural, Ramón Carballo, unha delegación do SLG da Mariña composta por Carmen Seijo Otero, labrega de Lourenzán e membro do consello regulador da IXP Faba de Lourenzán; Servando Méndez, labrego de Ribadeo; Isabel Vilalba, da Executiva do SLG; e Rebeca González Tenreiro, responsable comarcal do sector da horta. O motivo da xuntanza foi tratar diversos problemas que están a afectar ao sector da horta na comarca da Mariña luguesa.

Entre os temas que se trataron destacou a falla de axudas para paliar os danos producidos polo temporal “Doris”, que asolou a comarca da Mariña entre o 9 e o 10 de xuño de 2010. Os motivos desta falla de cobertura ás explotacións da Mariña, explicou Ramón Carballo, foron non sufrir perdas superiores ao 30% da produción e non ter póliza de seguro agrario.

Fronte estes argumentos, o SLG deixou claro que, tralos estudos das perdas, comprobouse que moitas explotacións superaron 50% de perda nos cultivos, quedando algunhas sen a totalidade da colleita.

En canto aos seguros, volveuse criticar as dificultades que presentan as aseguradoras para cubrir estes cultivos debido a cuestións económicas, de superficie que non se adaptan á nosa realidade, e mesmo das plantas como é o caso da Faba Granxa, que só se asegura en Asturias. Ademais, as perdas foron máis alá do cultivo posto que as inundacións que afectaron ás terras, non asegurables, fixéronas inservibles para a agricultura en campañas posteriores.

■ Atrancos administrativos na loita contra os fungos

Outra das problemáticas que o SLG expuxo foi a escaseza de materias activas autorizadas para o control de determinadas enfermidades da faba.

O clima da Mariña fai que a proliferación de fungos sexa cada vez máis frecuente. Este problema complica máis no caso das fabas amparadas pola IXP, pois os produtores e produtoras non están a recibir o apoio do Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

A queima de restos de colleita foi outra das cuestións tratadas posto que, segundo as normas de condicionalidade, está prohibida, defendéndose a compostaxe dos refugallo vexetais. Os produtores e produtoras de faba consideran incoherentes estas normas, posto que queimar os restos vexetais é imprescindible por razóns sanitarias, para a eliminación de fungos, especialmente a esclerotinia, cuxas esporas poden permanecer cinco ou máis anos en plantas infectadas. Ademais, os fíos e as redes empregados para guiar esta trepadora fan inviable a elaboración de compost.

O SLG tamén lle propuxo a Carballo a necesidade por parte das administracións de facilitar apoio técnico para mellorar a calidade dos nosos produtos e a adquisición de semente con garantías, así como de promover os nosos produtos horticolas. Como exemplo, propúxoselle fomentar o consumo de produtos agrarios nos comedores dos colexios, aínda que Ramón Carballo viu dificultades para facer efectiva esta proposta pola presión que exercen as grandes distribuidoras.

A Directiva UE 2000/60 non obriga a privatizar nin a cobrar pola auga

Novos argumentos que desmontan as xustificacións da Xunta á hora de defender a Lei de Augas de Galicia

Para o SLG é importante clarificar conceptos no referente aos diferentes aspectos que encerra a Lei de Augas de Galicia co fin de proporcionar argumentos para facer mais eficaz a

loita contraria a esta lei. Neste sentido, no presente texto tentaremos demostrar a falsidade dalgúns argumentos que culpan á Directiva 2000/60/UE de todo o que supón para

Galiza esta lei. Precisamente, a propia normativa europea deixa a porta aberta a non aplicar medidas privatizadoras nin de cobro, sempre que se garanta a auga en calidade e cantidade.

O obxectivo desta directiva 2000/60/UE é o cumprimento do artigo 174 do tratado no ámbito do medio ambiente, consistente na conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente e a utilización prudente e racional dos recursos naturais.

■ A auga non é un ben comercial

No enunciado de consideracións a directiva di: (1) "A auga non é un ben comercial como os demais, senón un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal". Esta afirmación non foi respectada pola Lei de Augas de Galicia, ao pasar a empresa Augas de Galicia ao dereito privado, considerando como administración única e ordinaria da política de augas en Galicia a unha empresa que, xuridicamente, é unha sociedade mercantil ou sociedade anónima. Polo tanto, a Lei de Augas de Galicia trata a auga como un ben puramente comercial suxeito as leis do libre mercado.

■ Innecesaria privatización

A directiva non fai referencia a se a administración única en materia de augas debe ser pública ou privada; pero si que, en todo momento, se refire á responsabilidade dos estados e dos gobernos para coa calidade e coa cantidade da auga, polo que a privatización non é unha necesidade, senón un xeito de facer negocio, como aconteceu coa privatización, anos atrás, da telefonía, dos combustibles ou da enerxía eléctrica.



■ A Lei de Augas non respecta principios de transparencia e participación

A Directiva 2000/60 fai referencia á necesidade dun marco lexislativo coherente, efectivo e transparente. No caso da Lei de Augas de Galicia, queda clara a falla de transparencia no proceso de elaboración e aprobación, así como nas medidas que se pretenden articular para o cobro.

En varias ocasións, a directiva fai referencia á participación do público en xeral na planificación e nas medidas a adoptar por parte dos gobernos. A LAG sae do Consello da Xunta, e apróbase no Parlamento cos votos únicos do partido do Goberno, sen pasar polo Consello Agrario Galego e sen establecer un debate aberto na cidadanía, como se desprende da propia directiva.

■ O principio de recuperación de custes fomenta a desigualdade social

A Lei de Augas permite o cobro baseándose no principio de recuperación de custes, incluídos os custes medioambientais, e apoiándose no principio de quen contamina paga, obrigando a unha análise económica dos

servizos da auga.

No SLG, pensamos que o principio de quen contamina paga é unha formulación inxusta. O feito de determinar os impostos sen ter en conta o poder adquisitivo ou o volume de negocio da actividade contaminante, potencia as desigualdades sociais, permitindo aos ricos facer o que queiran e prohibíndolle aos pobres necesidades vitais para a vida. Segundo este principio xa se vén aplicando o canon de vertedura, pero non xustifica o pagar polo ben auga, que é o que se pretende a maiores.

■ A Directiva non obriga ao cobro da auga

A directiva di textualmente: "Os estados membros poderán ter en conta os efectos sociais, medioambientais e económicos da recuperación e as condicións xeográficas e climáticas da rexión ou rexións afectadas".

Galiza ten condicións abundantes para ter xustificada esta medida: a auga non escasea e a calidade das augas é do mellor que hai en Europa. Os propios informes de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente non valoran a escaseza da auga por considerar que

non existe. Por riba, máis do 20% da poboación ten subministro propio ou da comunidade de veciños, sendo estas persoas usuarias as que correron cos gastos de subministro e mantemento das súas redes de abastecemento e sumidoiros.

A Lei de Augas non fai distinción das augas para o consumo humano do resto das augas no referente á contaminación.

■ Pagar non implica aforro

No SLG non estamos de acordo coa afirmación de que o prezo da auga incentiva o uso eficiente da auga, xa que ao non establecer un custe dependendo do nivel adquisitivo, e existindo na nosa sociedade unha grande desigualdade nos ingresos das familias, só limitará o consumo ás persoas con baixo poder adquisitivo, permitindo aos ricos o abuso, e limitando o seu uso e consumo para os pobres, converténdose nun xeito mais de discriminación e de fomento das desigualdades sociais.

■ Os gobernos non incumprirán...

Ademais, deixa claro no redactado da normativa, xa que o di expresamente: "Os estados membros non incumprirán a directiva si deciden non aplicar, de acordo con prácticas establecidas (...) sempre que non comprometa nin os fins nin o logro dos obxectivos". Polo que non ten ningún sentido o cobro do canon da auga, a non ser polo negocio da privatización e da especulación con este ben necesario e imprescindible para a vida.

O gran negocio das eléctricas arruína ás nosas explotacións agrogandeiras

Dende a liberalización da electricidade en 2008, a luz subiu un 60% sen dar mellor servizo

No ano 2008, o Goberno do Estado quixo vendernos que a liberalización do mercado eléctrico sería beneficiosa para todos e todas. Unha vez máis, mentiu: dende ese intre até hoxe, o prezo da electricidade

de incrementouse máis do 60%. A suba afectou de xeito dramático a aquelas explotacións que precisan de maquinaria eléctrica de alto consumo, como sistemas de rega ou salas de muxido.

Como aconteceu antes coas gasoleiras, o cese do control público sobre o mercado eléctrico e a súa liberalización non provocaron a competencia entre empresas e a previsible baixada de prezos para captar clientes.

Pola contra, as grandes beneficiadas da liberalización foron e son as grandes compañías eléctricas, que se dedican a presionar con éxito sobre o Ministerio de Industria para que se lles permita encarecer a electricidade e, así, asegurarse beneficios multimillonarios. A escusa que poñen é que como subiu o petróleo, están obrigadas a trasladar ese aumento dos custos ao recibo da luz para poder garantir os seus beneficios.

Pero, en realidade, non lles vai tan mal como din. Sen ir máis lonxe, Fenosa gañou 387 millóns de euros no primeiro trimestre de 2011; Iberdrola superou os mil millóns de euros de beneficios netos neses mesmos tres meses. E iso antes de

que fose aplicada a forte suba do 1 de abril. Folga dicir que nin a suba nin os beneficios millonarios repercutiron nunha melloría do servizo.

Isto se debe a que as eléctricas amañan o mercado entre elas e, en troques de competir, se poñen de acordo para tirarlle o máximo

beneficio. Boa proba disto é a multa de 60 millóns de euros que a Comisión Nacional da Competencia lle impuxo, no pasado mes de maio, ás principais compañías eléctricas españolas por obstaculizar o cambio de subministrador cando un consumidor ou consumidor-a o solicita.



Xosé Anxo pasou de pagar pola electricidade da súa explotación 500 euros cada dous meses en 2004, a 700 euros ao mes hoxe en día

Gandería A Chousa (Meirengos, Ribadeo): dos 250 euros ao mes de 2004 aos 700 € de hoxe

Xosé Anxo Fernández Cobo é un bo exemplo de como a suba da tarifa eléctrica está a ter un impacto considerable nos custos que teñen que afrontar as explotacións. Xunto ao seu irmán, Xosé Anxo rexenta Gandería A Chousa, unha explotación leiteira na parroquia da Devesa, lugar de Meirengos (Ribadeo), con máis dun millón de quilos de cota e máis de 150 vacas a muxir.

Dende a liberalización do sector eléctrico, en Gandería A Chousa case triplicaron os gastos en luz: en 2004 pagaban ao redor de 500 euros cada dous meses, e agora está a pagar uns 700 euros ao mes. E estamos a falar

dun consumo semellante, pois a maquinaria e actividade da explotación segue a ser case a mesma hoxe que en 2004.

Outra cuestión da que se queixa Xosé Anxo é a dificultade para entender o recibo da luz, xa as compañías utilizan conceptos e parámetros moi difíciles de descifrar.

Ademais, critica que os tramos do día nos que podería conseguir unha redución da tarifa eléctrica non se adaptan á realidade das explotacións gandeiras, porque hai que muxir e arrefriar o leite cando cómpre facelo, con independencia do custo da electricidade asignado para cada parte da xornada.



Campanha do SLG na Estrada contra o traslado da oficina agraria comarcal

O Sindicato Labrego vén de pór en marcha unha campaña de recollida de sinaturas na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, dirixida a impedir que a Consellaría de Medio Rural leve para adiante o traslado da sede da oficina agraria comarcal do seu domicilio actual, na praza do Mercado, ao centro urbano da Estrada; ás instalacións da Fundación Comarcal, nos arrabaldes da vila estradense.

O SLG opónse a este traslado porque vai causar graves prexuízos aos usuarios e usuarias dos servizos de extensión agraria por varios motivos. En primeiro lugar, levar a oficina agraria comarcal á sede da fundación afastará este servizo das explotacións dos concellos de Forcarei e Cerdedo.

Ademais, producirase un serio entorpecemento de calquera xestión que necesite servizos que se ofrecen na vila, tales como ingresos bancarios, realización de fotocopias, compulsas, etcétera, obrigando a desprazamentos agora innecesarios e aumentando unha carga burocrática que, moitas veces, nas actividades agropecuarias, resulta asfixiante.

Neste intre, o Sindicato Labrego Galego xa puxo en marcha unha recollida de sinaturas que, en canto remate, trasladará a Medio Rural xunto co fondo mal-estar das explotacións agrarias e gandeiras de Tabeirós-Terra de Montes.

Avance do informe aprobado na Unión Europea que establece as bases da futura Política Agraria Común

A PAC máis alá de 2013

O informe de Albert Dess sobre a Política Agraria Común máis alá do 2013 foi aprobado polo Comité de Agricultura e Desenvolvemento Rural Europeo (COMAGRI) o pasado 25 de

maio, con 40 votos a favor, 1 en contra e 4 abstencións. Esta resolución adoptada polo COMAGRI someterase ao voto de todo o Parlamento na próxima sesión plenaria en Bruxelas do 22 e 23

de xuño. A Comisión Europea deberá publicar o borrador do paquete lexislativo neste outono de 2011. Agora avanzamos para Fouce os aspectos máis importantes deste informe.

1. Topes

O Comagri votou a favor dos pagamentos directos segundo a cantidade de postos de traballo e prácticas sostibles (tal e como indicara xa antes a Comisión Europea). Este voto fai fincapé en que o subministro dun ben público é independente do tamaño da explotación e rexeita as medidas que discriminan a certas explotacións.

2. Pequenas explotacións

Aprobouse o establecemento dun plano simplificado de apoio para pequenas explotacións que contribúen á solidificación do desenvolvemento rural e insta á Comisión Europea para que fixe criterios flexibles e obxectivos de xeito que cada estado membro defina o status de pequena explotación. Os estados membros deberían decidir qué labregas e labregos teñen dereito a acceder a estas axudas.

3. Orzamento

O orzamento da Unión Europea no próximo período financeiro debería manterse á altura do orzamento agrícola para 2013. Hai que lembrar que o reparto farase para un número de países bastante maior debido ás últimas incorporacións.

4. Pagamentos directos e explotacións activas

O informe sinala que seguirán sendo fundamentais os pagamentos directos,

da d o que consideran que haberá fluctuacións inevitables dos mercados. Acordaron que os pagamentos directos deben reservarse ás labregas e labregos "activos", polo que a Comisión Europea debe definir claramente qué son as labregas e labregos activos. Ao igual que a comunicación da Comisión, o voto rexeita o pagamento directo único a tanto alzado para toda a Unión Europea.

5. Primas á produción

As primas á produción poderíanse xustificar nun marco estritamente definido, mesmo despois do 2011. Estes pagamentos poderían promover medidas medioambientais baseadas na superficie (por exemplo a agricultura ecolóxica), que até a data non se incluíron no segundo pilar, xunto coa

co h e - sión territorial, as melloras de calidade, o incentivo a sectores claves (como o sector lácteo e ovino), a produción de materias primas agrícolas, e formas específicas de produción e agricultura.

6. "Ecoloxización"

No informe apóstate pola inclusión de medidas de fomento da "ecoloxización" nas axudas que están no primeiro pilar, coa inclusión do apoio ás proteínas vexetais.


Afirman que pretenden crear un esquema de incentivos a escala da Unión Europea para garantir o sostemento agrícola e a seguridade alimentaria a longo prazo, no que os pagos directos ás explotacións deberían de estar máis estreitamente relacionados coas prácticas "ecolóxicas".

7. Instrumentos de mercado, prevención de riscos

No informe sinalan que os instrumentos de mercado demostraron o seu valor como rede de seguridade, e afirman que as medidas no mercado, especialmente a intervención, deberían utilizarse como unha rede de seguridade en caso de aumento dos prezos. O informe indica, tamén, que deben desenvolverse sistemas privados de prevención en vistas do aumento dos riscos, que poderían financiarse parcialmente con fondos públicos. Indícase que nos futuros orzamentos da Unión Europea debería dispor dunha liña de orzamento especial de reserva para brindar unha ferramenta de reacción rápida en caso de crise aguda nos mercados agrícolas.

8. Organizacións de produtoras e produtores

Solicítanlle á Comisión Europea que estude minuciosamente ata que punto se pode ampliar o papel dos grupos de produtoras e produtores ou asociacións de sectores na prevención de riscos, e na promoción da calidade, a todos os sectores produtivos. Así mesmo, solicitan que considere especialmente os produtos cubertos por planos de calidade de etiquetado. O voto insta á Comisión Europea a propor medidas específicas para alentar o establecemento de novas organizacións de produtores, a fin de reforzar as súas posicións no mercado.



9. Restituicións á exportación

Deberían suprimirse os subsidios á exportación, en cumprimento do compromiso realizado polos membros da Organización Mundial do Comercio (OMC) na conferencia ministerial de Hong Kong. O voto pídelle á UE que elabore un réxime de créditos á exportación acorde coas normas da OMC.

10. Viño

O voto pídelle á Comisión Europa que considere propor o mantemento dos dereitos de plantación no sector vitivinícola máis alá do 2015 e que o teña en consideración no seu informe de avaliación para 2012.

11. Especulación e volatilidade dos prezos

O voto avoga pola proposta da presidencia francesa para que o G20 estude medidas para combater a crecente volatilidade dos prezos das materias primas agrícolas. Maníféstase a favor de formular solucións a nivel mundial para tratar os abusos da especulación en materias primas agrícolas e a volatilidade extrema dos prezos. Avoga tamén por un sistema coordinado de notificación de existencia das materias primas agrícolas de especial importancia.

12. Cadea de subministro de alimentos

O voto fai fincapé en que os ingresos medios de labregas e labregos e dos fogares rurais diminuíron regularmente nas últimas décadas, e instan a que se tomen medidas para reforzar a capacidade de xestión e o poder de negociación das organizacións de pequenas produtoras e produtores fronte a outros operadores

económicos. Consideran que debe mellorarse de forma urxente o funcionamento da cadea de subministro de alimentos mediante iniciativas lexislativas, para conseguir unha maior transparencia nos prezos alimentarios, e medidas para tratar as prácticas comerciais inxustas e que lles proporcionen ás labregas e aos labregos o valor engadido merecido.

13. Labregas mozas e labregos mozos

O Comagri aproba que debe prestarse especial atención á asistencia das labregas mozas e labregos mozos, no segundo pilar do desenvolvemento rural. Resultan fundamentais medidas atractivas para alentar o establecemento de labregas mozas e labregos mozos e de novos participantes.

14. PAC, comercio e desenvolvemento

O voto insta á Unión Europea para que garanta a coherencia entre a PAC e as súas políticas de desenvolvemento e comercio, e que non faga perigar a capacidade de produción e seguridade alimentaria ao longo prazo dos países en desenvolvemento. Por conseguinte, os acordos comerciais da Unión Europea en materia de agricultura non deberían obstaculizar os mercados de países terceiros.

O presente texto refírese a un informe que avanza as liñas xerais da Política Agraria Común para o 2013, unha PAC que aínda está pendente de ser redactada, debatida e aprobada. O SLG non fixo ningunha valoración ao respecto por non haber, aínda, ningún texto definitivo.



No encontro participaron representantes dalgúns das principais zonas vitícolas europeas. De esquerda a dereita: Estelle Rainaud (Confédération Paysanne), Laura Piedra (COAG), Brigitte Alain (Confédération Paysanne), Bernardo Estevez (SLG), Jean François Bianco (Confédération Paysanne), João Denis (CNA), João Vieira (CNA), Gerard Choplin (ECVC), Claire Laval (Confédération Paysanne) e Manuel Docampo (SLG).

Contra a supresión dos dereitos de plantación de viño na UE

O responsable do sector do Viño do SLG, Manuel Docampo, e Bernardo Estevez, viaxaron até Gaillac (Francia) para participar nun encontro vitícola europeo organizado pola Coordinadora Europea da Vía Campesina e celebrado o 8 e o 9 de xuño. O resultado final do encontro foi un documento no que todas as organizacións da Coordinadora se opoñen á supresión dos dereitos de plantación de viño na Unión Europea, prevista para o 2015. De seguido, transcribimos íntegro o texto.

“Reunidos en Gaillac, os/as representantes da CNA (Portugal), COAG (Estado español), Confédération Paysanne (Francia) e o SLG (Galiza); todos membros da Coordinadora Europea Vía Campesina reafirmamos a nosa oposición á supresión dos dereitos de plantación de viño en Europa en 2015, como xa fixeron os gobernos de dez Estados membros, o Parlamento europeo, e a Asemblea Europea das Rexións Vitícolas.

Demandamos manter os dereitos de plantación de viño máis alá do 2018.

Os dereitos de plantación

son un instrumento eficaz de regulación para controlar a deslocalización da produción en favor das zonas máis favorecidas economicamente, en beneficio duns poucos “pesos pesados” do mercado do viño e en detrimento dunha viticultura labrega que fixa poboación nos territorios vitícolas.

Constatamos problemas no funcionamento dos dereitos de plantación no pasado, polo que na actualidade débense regular o expansionismo de certas zonas vitícolas en Francia en detrimento de outras, e impedir a deslocalización das producións do norte en favor do sur en Portugal. Na Galiza é importante manter o potencial e o equilibrio de todas as comarcas.

Para evitar estes problemas, debemos mellorar o sistema actual de dereitos de plantación de viño, nos seguintes aspectos:

- Xestión pública por zona vitícola.
- Gratuítos para favorecer a instalación de viticultoras/es mozos.
- Actualización do catastro vitícola en cada país.
- Uso de medios de control, sobre o terreo, para evitar plantacións ilegais.

As explotacións ao límite diante dos ataques da fauna salvaxe

O aumento das poboacións de lobo e xabaril ameaza a economía e a integridade física das xentes do rural

O da fauna salvaxe é un problema que, hoxe en día, non para de medrar e afecta á totalidade das explotacións da Galiza. Aínda que non existen cifras sobre os danos que causa, de seguro

que estamos a falar de millóns de euros de perdas en todos os sectores. Lobos, xabarís, corzos, veados, corvos, esquíos, etcétera campan ás súas anchas ante a total indiferencia da

Consellaría de Medio Rural, que segue a manter unhas axudas irrisorias para compensar os danos e non desenvolve ningunha política de calado para intentar resolver o problema.

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, e o responsable dos sectores gandeiros na mesma organización, Adolfo Cabarcos, ofreceron, o 13 de xuño, unha rolda de prensa para denunciar o crecemento exponencial dos ataques da fauna salvaxe sobre as explotacións agrarias, que se está a transformar nun problema de "orde social e de perigo da integridade física das persoas que vivimos no rural".

Declaraba isto a secretaria xeral do SLG, que afirmou que "a fauna salvaxe está invadindo, agora mesmo, as nosas vidas". Carme Freire sentenciou que "os ataques da fauna salvaxe están poñendo en perigo a nosa economía, necesaria para poder vivir; pero tamén poñen en perigo as nosas vidas".

■ Xabarís, lobos, corzos, veados e corvos

Adolfo Cabarcos relatou con exemplos como as especies salvaxes que proliferan polo rural galego xa supoñen algo máis que un enorme problema de danos económicos que sofren a práctica totalidade das explotacións agrarias e gandeiras. Laradas de até quince xabarís que se achegan aos silos das explotacións para comer o millo ensilado, porcos bravos que acceden mesmo ás autoestradas e provocan accidentes de tráfico, ou fatos de lobos que se pasean a carón das casas, comezan a ser estampas habituais do medio rural galego.



Fochancas como a da imaxe, feitas polo xabaril, estragan leiras de millo antes de que as plantas medren

Cabarcos tamén puxo outros exemplos, como os ataques de veados e corzos que desfán plantacións forestais enteiras; ou os dos corvos,

especialmente nocivos ao arrincar os grans que se plantan na terra. Todos estes exemplos son unha clara mostra do forte desequilibrio

existente en determinadas especies animais salvaxes da Galiza e de como están a pór en xaque a viabilidade de moitas explotacións.

Axudas miserables, con atrasos e unha carga burocrática desproporcionada

Carme Freire denunciou o absoluto desleixo da Xunta, que mantén un sistema de axudas para paliar os danos da fauna salvaxe deseñado para que a xente non os denuncie. Isto acontece por mor da enorme carga burocrática que supón iniciar un proceso de denuncia, e polo irrisorias que son as axudas, supoñendo que se cheguen a cobrar. Neste senso, Adolfo Cabarcos denunciou que non se van cobrar as axudas pendentes de pago de 2009, nin a totalidade das que se solicitaron no ano 2010.

Freire reclamou que a Xunta considere o da fauna salvaxe como un problema de orde xeral que afecta a toda a cidadanía e que non para de medrar. Mais, pola contra, as

actuacións da Xunta van en sentido contrario, cun sistema de compensacións manifestamente insuficiente e inútil; e con accións de goberno como permitir a violación flagrante da lei ao non impedir a forestación de terras agrarias que se está a facer de maneira xeneralizada en todo o país, usurpando a base territorial das explotacións e aumentando o hábitat das especies salvaxes até traelo á porta das casas. Ademais, os territorios cinegeticamente ordenados (Tecores), nos que hoxe recae parte da responsabilidade á hora de indemnizar polos danos causados pola fauna salvaxe, estanse a amosar totalmente impotentes á hora de manter controlada a poboación destas especies.



Xosé Iglesias,
produtor de leite en Rubín (A Estrada)

Leiras de millo estragadas polo xabaril na Estrada cando “o peor aínda está por vir”

A loita que mantén Xosé Iglesias co xabaril vén de vello. Ten probado de todo, pero, unha e outra vez, o xabaril acaba por destruírle as colleitas de millo forra-xeiro, e el obrigado a mercar a mantenza das vacas fóra despois de perder os cartos e o traballo que lle custou sementar as leiras.

Cunha explotación de vacún de leite na parroquia de Rubín (A Estrada), Xosé precisa do millo para ensilar e manter ao gando todo o ano. Pero non hai maneira. Neste 2011 botou millo nunha finca de nove ferrados a uns quilómetros da casa. Aínda non levantan as plantiñas unhas cuartas, e xa se poden contar case unha dúcia de fochancas do xabaril na finca “nas que colle un home deitado”.

Probou con poñer un aparello para escorrentar aos porcos bravos con estralos, pero roubáronllo: probablemente, algún veciño ao que lle molestaba. Agora, a finca está indefensa, e Xosé achégase a ela polas noites para facer gardas e vixiala, co esforzo e perdas en gasóleo que iso lle supón.

A pesares dos ataques que está padecendo agora, Xosé sabe que o peor aínda está por vir, pois os maiores danos prodúcense cando as plantas de millo botan a espiga.

O problema non é só del; sófreno todas as explotacións da parroquia. A pesares diso, a xente non denuncia. El si quere denunciar, pero recoñece que “as axudas son unha miseria e non compensan”.



Vanessa Pérez Leje,
gandeira de ovino e vacún en Crecente (Meira)

Lobos que se pasean polas casas e corvos que lles comen os ollos a xatos e años

Ninguén identificaría o hábitat das gaivotas co interior lucense. Pero as gaivotas xa comezan a formar parte da fauna salvaxe que teñen na parroquia de Crecente, no municipio da Pastoriza, xunto a garzas, cegoñas, corvos, lobos, xabarís. Sábeno ben na casa de Vanessa Pérez Leje, unha moza de 29 anos titular dunha explotación de ovellas e socia dunha SAT de vacún de leite xunto a pai, a nai e o irmán.

Á explotación de Vanessa xa atacou dúas veces o lobo, matándolle quince ovellas nun primeiro ataque, e tres no segundo; chegou a cobrar 850 euros polo primeiro ataque, aínda que taxara os danos en 1.100 euros. O lobo que lle matou as últimas tres ovellas é un

animal solitario que non ten medo da xente e que se pasea entre as casas, co perigo que iso supón para a xente.

Co xabaril o dano é continuo: estraga as leiras de millo na sementeira, e come nel cando está para ser apañado e, mesmo, cando xa foi ensilado. Por iso, en Crecente ninguén esquece de pechar o silo, pois corres o risco de atopar un fato de xabarís papándoches a colleita.

Por se non abundase, os corvos tamén están a causarlles serios estragos, pois aparte de comer a semente do millo, atacan directamente aos anos acabados de nacer, aos que lles comen os ollos e o ano; e aos xatos, para comerlles tamén os ollos e os pezuños.

Explotacións de Muxía, Tordoia e Arzúa levan a Lácteos Tambre aos xulgados

Decidiron recorrer á Xustiza ante a negativa da empresa a pagar o leite do primeiro trimestre de 2011

Na última semana de abril, varios gandeiros e gandeiras de Muxía e Tordoia denunciaban os impagos de Lácteos Tambre, a empresa de Sigüeiro que lles recollía o leite. Ante a falla de resposta, as explotacións devanditas, ás que se uniron outra de Muxía e outra de Arzúa, puxeron, o 5 de maio, unha denuncia contra a láctea nos xulgados de Ordes. Foron sete gandeiros e gandeiras en total: Benito Pose, Pilar García e María Valdivieso, de Muxía; Feli Mato, Celina Juncal e Xosé Manuel Liste, de Tordoia; e Irene Vázquez, de Arzúa.

As facturas pendentes de pago corresponden ao primeiro trimestre do 2011, e a débeda contraída de Lácteos Tambre con estas explotacións denunciante vai dos 3.000 até os 7.000 euros.

Aínda que os gandeiros e gandeiras denunciante teñen as súas explotacións en Muxía, Tordoia e Arzúa, poderían estar afectados dúas de concellos e explotacións en toda Galiza, habida conta de que Lácteos Tambre recolle leite en comarcas como Fisterra, Xallas, A Barcala, Compostela, Arzúa, Deza ou Tabeirós-Terra de Montes, entre outras; e de que moitos gandeiros e gandeiras de quen se ten constancia que tamén teñen débedas pendentes



Os gandeiros e as gandeiras afectadas achegáronse até os xulgados de Ordes para formalizar a denuncia contra Lácteos Tambre

coa empresa, algunhas de até 30.000 euros, non quixeron denunciar a súa situación por temor a represalias.

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, volveu insistir na actitude de pasividade da

Consellaría de Medio Rural neste conflito, e acusouna de “estar totalmente desaparecida” e de inhibirse completamente dos problemas da xente.

Respecto disto, cómpre lembrar que unha das escusas esgrimidas por Lácteos Tambre para non pagar é que está pendente de recibir un crédito do Igape, pero que non dá obtido o aval da Xunta, polo que, agora mesmo, “hai familias que poden verse na obriga de pechar a súa explotación e ter que buscar outro medio de vida por culpa da desidia de Medio Rural”. Respecto disto, Freire preguntouse “Que medidas concretas pensan adoptar dende o Goberno Galego?”



Os gandeiros e gandeiras denunciante expresaron o seu malestar, como **Benito Pose**, que rexenta unha explotación en Muxía xunto a **María Valdivieso**. Benito confesouse indefenso diante da pasividade dos nosos gobernantes: “Nós traballamos honradamente, vendemos o noso leite, pero non o cobramos. A empresa ten os nosos cartos e a administración non fai nada. Quen somos nós? Non somos persoas para que nos defendan? Eliximos aos políticos cada catro anos para que nos defendan, pero non o fan. Se seguimos así, para que queremos políticos? Nestas eleccións, para que van vir pedir que lles votemos?”



Outra gandeira de Tordoia, **Feli Mato**, lembrou que “segundo a Constitución, todo traballador ten dereito a recibir un salario polo seu traballo. O noso traballo é muxir as vacas e vender o leite, moitas veces con xornadas laborais de 16 horas. Agora mesmo, Lácteos Tambre quedou co froito do noso traballo, pero non nos deu o noso salario. Os cartos dese leite non foi ingresado nas nosas contas, e levan meses prometéndonos que o van facer”



Finalmente, o responsable do SLG nas comarcas de Arzúa e Melide, **Xulio Fernández**, tamén presente na entrega das denuncias, animou aos gandeiros e gandeiras afectados/as polos impagos de Lácteos Tambre a “que non queden no anonimato e denuncien publicamente a súa situación, que reclamen nos xulgados o que é deles”.

A nova Lei de Montes: atentado contra as explotacións e a cidadanía

A Consellaría de Medio Rural pretende legalizar a forestación de terras agrarias, prohibida até agora

A Xunta do Partido Popular vén de dar un paso máis cara a destrución dos sectores agrarios e gandeiros da Galiza. Tras meses de incerteza, a Consellaría de Medio Rural presentou

o borrador da que pretende ser a nova Lei de Montes. No novo texto, inclúese un artigo que legaliza o que até hoxe era ilegal: a forestación de terras agrarias. Unha vez coñecido o bo-

rrador, o Sindicato Labrego Galego expresou a súa máis enérxica repulsa "por constituir un atentado en toda regra contra as explotacións agrarias e gandeiras deste país".



A Xunta está a permitir unha ordenación caótica do territorio, poñendo en perigo a vida das xentes do rural, con plantacións forestais que chegan até a porta das casas sen respectar distancias de seguridade

A responsábel de Medio Ambiente, Terra e Montes do SLG, Charo Sánchez Parga, explicou que “coa nova Lei de Montes, deseñada en segredo nos despachos de San Caetano, e sen permitir a participación das organizacións e colectivos con intereses no monte galego; o PP anula o texto lexislativo anterior que si nacera dun amplo consenso dos axentes do sector e do Consello Forestal Galego, co beneplácito dos populares no Parlamento de Galicia”.

Sánchez Parga engadiu que “a nova Lei de Montes do Partido Popular só será unha ferramenta útil para xeneralizar a invasión do eucalipto, pois favorece a introdución masiva de cultivos de agromasa e enerxéticos nos nosos montes”.

■ Agresión irreversible para a gandería e a agricultura

Unha das modificacións máis graves da lei, que vai comprometer de xeito irreversible o futuro dos nosos sectores agrarios e gandeiros, vai ser a posibilidade de cambiar o uso das terras de agrario a forestal.

Como ben sabemos, as explotacións gandeiras de Galiza teñen un grave problema de cara a facerse con terra para producir pastos e alimentación para o gando; tamén hai dificultades insalvables noutros sectores, como o do viño ou o da horta, para ampliar a base territorial das explotacións.

Agora, cunha nova Lei de Montes que abre a veda a plantar en terras de uso agrícola, até agora protexidas, as plantacións forestais terán

vía libre para invadir as poucas praderías e leiras que quedan e farán imposible a agricultura e a gandería.

En resume, o PP vén de redactar unha Lei de Montes para beneficiar ás grandes industrias madeireiras e de celulosa, agrocaburantes e agromasa; a costa de comprometer o futuro e supervivencia dos nosos sectores agrarios e gandeiros.

Ademais, a nova lei pon en perigo á poboación do rural ao reducir a distancia de seguridade entre masas forestais e núcleos habitados a 30 metros. En calquera caso, de pouco servirá a norma se, como até o de agora, a Xunta fai caso omiso ás denuncias e permite a infracción xeneralizada da lei, con plantacións feitas até o limiar das casas.

O SLG rexeita que o monte sexa a finca privada dunhas poucas industrias

En nome do Sindicato Labrego Galego, a responsable de Montes, Charo Sánchez Parga, anunciou “a frontal oposición a este borrador da Lei de Montes. Fronte a esta visión do monte tan lesiva para o País, o SLG seguirá traballando e defendendo unha alternativa baseada na correcta ordenación dos nosos montes e do territorio para que formen parte da sociedade, en xeral, e da veciñanza do rural, en particular.

“O SLG négase a aceptar que os nosos montes se convertan na finca privada dunhas poucas industrias con licencia para esquilmar ao seu antollo en beneficio único e exclusivo das súas contas bancarias. Por iso, o SLG defende e defenderá unha política forestal que promova uns usos alternativos ou complementarios do monte que, historicamente, nos permitiron obter rendas intermedias ás familias labregas e aos e ás titulares de terreos e/ou aproveitamentos forestais, fomentando o uso social dos nosos montes para que estes sexan unha parte importante e insubstituíble do noso patrimonio cultural que temos o deber e a obriga de preservar”.

www.coag.org

No agro, todos e todas somos da mesma terra

CAMPAÑA DE VALORACIÓN DO TRABALLO DAS
PERSOAS INMIGRANTES NO SECTOR AGRARIO



Durante moitos anos a poboación inmigrante ten sido crucial para o desenvolvemento das campañas agrícolas. Conscientes disto, COAG puxo en marcha esta campaña co obxectivo de sensibilizar e promover a igualdade de trato e a non discriminación laboral no agro.



CAMPAÑA PARA A MELLORA DO COÑECEMENTO DA SITUACIÓN
LABORAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE NO SECTOR AGRARIO.



Ana Eiras e Isabel Vilalba, coordinadora técnica e responsable, respectivamente, da Secretaría das Mulleres do SLG, representaron a esta no encontro coa secretaria xeral de Igualdade, Marta González

Igualdade divulgará a titularidade compartida nas explotacións

Tamén recuperará os expedientes das mulleres que solicitaron ser titulares

A responsable da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, Marta González, asegurou que o seu departamento a promoverá a titularidade compartida nas explotacións agrarias. O compromiso

tomouse no marco dunha entrevista que mantivo coa representante da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, o 11 de maio, na sede da Consellaría de Traballo e Benestar.

Neste encontro tratouse tamén o tema das mulleres labregas que solicitaran inscribirse no pasado como cotitulares e que recibiran por isto unha axuda do Servizo Galego de Igualdade. A pesares de ter iniciado o proceso, a Xunta de Galicia non puxera en marcha o rexistro correspondente, motivo polo cal, ao final, non foron inscritas como cotitulares as mulleres que o solicitaron.

Marta González manifestou que, despois de coñecer o estado de tramitación da Lei de Titularidade Compartida a nivel estatal, tratarían de recuperar todos estes expedientes co fin de proceder á súa inscrición.

Isabel Vilalba transmitiulle tamén á representante da Secretaría de Igualdade, entre outras cuestións, a preocupación do SLG pola

dificultade das mulleres labregas para afrontar, na situación de baixos prezos agrarios actual, as cotizacións á Seguridade Social. Esta situación agravouse a partir da forte suba que se lle aplicou á cotización coa reforma do 2007; e polos impactos negativos da recente reforma do sistema de

pensións que suporá, entre outras medidas, o incremento do número de anos necesarios para calcular as pensións no futuro. Cómpre lembrar que, na actualidade, tan só un 5% das mulleres labregas chega aos 65 anos con 35 cotizados, e máis dun 22% chegan con 15 ou menos anos.

O Consello Galego das Mulleres como prioridade inmediata

Marta González manifestou que, entre as súas prioridades máis inmediatas, está a creación do Consello Galego das Mulleres, tal e como se prevé na Lei contra a Violencia que afecta ás mulleres e que seguirá o modelo do Consello Estatal.

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, levamos anos traballando para conseguir melloras para as mulleres do medio rural, en xeral, e para as mulleres labregas, en particular. Por iso, agardamos que este novo espazo xere novas posibilidades de seguir avanzando e sexa un órgano incluínte no que podamos sumar todas as organizacións cun firme compromiso pola igualdade.

A cidadanía galega contra o infanticidio feminino

O infanticidio feminino é a expresión máis extrema da desigualdade de xénero. Trátase dunha práctica que consiste en matar ás nenas que acaban de nacer, ou ben abortar os fetos femininos (feticidio feminino) debido ao baixo valor que as mulleres teñen nunha sociedade dada. A preferencia por ter un fillo varón está afianzada en diferentes crenzas e prácticas discriminatorias.

Estímase que a práctica do feticidio e infanticidio femininos están provocando a falta duns 48 millóns de mulleres na India e duns 55 millóns en China. Aínda que China e a India son os dous países máis estudados, os informes tamén sinalan a outros nos que se rexistra a falla de mulleres como, por exemplo, Afganistán, con un millón de mulleres desaparecidas; ou Pakistán, con 4,6 millóns. Cada ano, moitas mulleres son obrigadas social e familiarmente nalgúns países a abortar os fetos femininos.

A ONG galega Implicadas no Desenvolvemento, en colaboración coa organización local People's Development Initiatives, leva tres anos tentando erradicar o infanticidio feminino en Salem, unha localidade da India na que esta práctica está moi estendida. Na páxina web www.200implicadas.com pódese atopar máis información sobre o seu labor ou de como colaborar nesta campaña.

Todas as persoas, en todos os lugares, temos capacidade para cambiar esta situación. En Tánal Nadu (India), son miles as mulleres que loitan contra o infanticidio feminino. Un cambio de mentalidade na cidadanía permitirános formar alianzas para loitar contra a violencia de xénero a escala mundial, concienciándonos desta lacra.

Os riscos laborais específicos para as mulleres labregas

Como é sabido, no sector agrario os traballos nas explotacións teñen unhas características propias moi diferenciadas das do resto dos sectores, sendo as máis importantes: a gran dependen-

cia da estacionalidade, que provoca un ritmo de traballo esixente; predominio de labores que requiren esforzo físico, repetitivos e sometidos ás inclemencias do tempo; e, no caso da agricultura

convencional, a exposición a determinados produtos químicos como fertilizantes e fitosanitarios. Neste Fouce, analizaremos como se traduce isto nos riscos específicos para as labregas.



En 2007, a Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo elaborou o informe "As cuestións de xénero en relación coa seguridade e saúde no traballo" e entre as súas conclusións destacan as seguintes:

- As mulleres sofren máis estrés laboral, enfermidades infecciosas, trastornos das extremidades superiores, enfermidades da pel así como asma e alerxias; mentres que os homes sofren máis accidentes, dores de costas e perdas da capacidade auditiva.

- A planificación do traballo, a súa organización e as ferramentas e equipos que se utilizan soen basearse no modelo do "traballador medio", aínda que a lexislación da Unión Europea consagra o principio de adaptar o traballo aos traballadores e traballadoras.

- É necesario estudar as diferenzas de xénero sobre os accidentes e as enfermidades laborais para eliminar as lagoas no coñecemento deste tema.

Cómpre o recoñecemento legal das labregas para avanzar en prevención

Atopamos na Lei de Prevención unha falta de atención á especificidade do sector agrario e, dentro desta, unha grande falta de atención ás particularidades da muller labrega.

Esta situación provoca un efecto aínda máis preocupante, e é que ao basearse os labores de prevención nos requirimentos dunha lei que non está adaptada ás particularidades das mulleres labregas, a falta de protección específica das traballadoras agrarias non ten por que ser obxecto de prevención ou, chegado o caso, de sanción.

No deseño das políticas de prevención hai unha visión claramente patriarcal que fai que non se consideren as características específicas do organismo das mulleres e se deseñen moitas veces medidas que non están adaptadas.

Cómpre ter en conta que a falta de recoñecemento legal de moitas mulleres no agro tamén está a incidir no feito de que non sexan consideradas a nivel de estudar os impactos reais sobre a súa saúde e tomar, en consecuencia, as decisións pertinentes en materia de prevención de riscos laborais. Avanzar na súa visibilidade e recoñecemento legal será tamén unha medida importante a nivel de prevención, do mesmo xeito que unhas políticas que garantan o recoñecemento e a remuneración axeitada para o seu traballo, posto que o desenvolvemento deste en condicións precarias tamén é un factor de risco funda-



mental (ferramentas ou máquinas en malas condicións, tempos de traballo excepcionalmente longos, sobrecarga física e psíquica, dobres ou triples xornadas laborais...).

Suplemento subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

RISCOS ESPECÍFICOS

Factores como os niveis de carga, os equipos de protección individual, a protección da maternidade, as enfermidades laborais ou a conciliación familiar deben ser postos en práctica atendendo ás circunstancias de cada unha das traballadoras. A singularidade das traballadoras agrarias maniféstase en tres grandes focos de atención:

1. Cargas e ritmos de traballo

Os labores nas explotacións, como xa se ten apuntado, acostuman incluír un proceso físico determinado que, na maioría dos casos, adoita ser esixente. Os procesos de carga deben estar, na medida do posible, adaptados aos traballadores e traballadoras para non provocar lesións ou enfermidades laborais de diferente consideración.

Todo empregador/a e traballador/a deben saber que, en termos xerais, os valores recomendados destas cargas son:

■ **Peso máximo recomendado para unha carga.**
(Valores recomendados segundo o "Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene" INSHT)

-En xeral.....25 Kg
-Mulleres embarazadas, menores de 18 anos e maiores.....15 Kg
-Persoas adestradas (situación illadas e excepcionais).....40 Kg

As mulleres poden ser máis sensibles que os homes a contraer lesións debido aos excesos de carga dada a súa complexión física. Por suposto, isto é así nos períodos de pre-maternidade, nos que entrarían dentro do apartado de "traballadores con maior protección", pero tamén de xeito máis xeral en calquera proceso de carga e descarga..

Para adaptar os ritmos de carga ás necesidades e aos traballadores/as é preciso: planificar as necesidades, establecer os ritmos de traballo, adaptar a eses ritmos as características das traballadoras/as e establecer ritmos de carga decrecentes, se é factible.

2. A maternidade

A maternidade é un dereito de todas as mulleres. Dadas as especiais características do seu desenvolvemento existen unha serie de obrigas legais destinadas a protexelas.

A lei avala ás traballadoras e ofrécelles un marco para que os seus dereitos sexan respectados e o seu posto de traballo non corra perigo, á vez que permite desenvolver a súa actividade con normalidade. Esta protección a nivel legal é máis difícil de levar adiante para as traballadoras por conta propia, pero as labregas deben saber que todos os dereitos que cobren a maternidade no traballo de forma xeral son perfectamente aplicables no seu caso.

En ocasións, durante o traballo agrario prodúcense situacións nas que, aínda sen ser plenamente manifesto, existe un perigo latente para a nai e o feto. Por iso é completamente imprescindible:

► Que a muller embarazada comunique (no caso de traballar por conta allea) o seu estado ao empresario co fin de que este, en base ao seu plan de prevención de riscos, realice unha avaliación.

► No caso de que se detecte que existe perigo, o empresario deberá, cando sexa factible, cambiar de posto á traballadora, e de modo máis xeral, substituír aquilo que, dentro dos labores da traballadora, comporte algún risco, por algo que non comporte ningún.

3. O risco das vibracións e dos ruídos

■ Vibracións:

É de especial importancia evitar nos desprazamentos e traballo con máquinas un exceso de ruídos e de vibracións, cuxas consecuencias poden ser de especial gravidade durante o embarazo, chegando mesmo, en casos extremos, a supoñer situacións de abortos ou partos prematuros.

■ Ruídos:

Outro dos riscos físicos mais perigosos e frecuentes é a exposición a fontes de ruído, (por exemplo, determinado tipo de maquinaria agrícola ou de transformación e tratamento dos produtos). Os elevados niveis sonoros que provocan estas máquinas, especialmente cando a exposición é prolongada e continuada no tempo, pode mesmo ter consecuencias para a muller e para o feto, polo que cómpre evitar a exposición prolongada e estas fontes de ruído.

■ Movementos/posturas.

En traballos de longa duración e de posturas forzadas, é de vital importancia evitar a posición de pé ou sentada sen repousos e sen cambios de postura. A permanencia excesiva en posturas forzadas durante o embarazo, e a consecuente ausencia de repousos, ten suposto un incremento de abortos, partos prematuros e de diminución do peso do acabado de nacer.

■ Traballos no interior.

As mulleres que traballan en espazos pechados deben

O grande risco dos produtos químicos

evitar a exposición a monóxido de carbono procedente de motores, tabaco, etcétera. Esta exposición pode afectar ao feto con efectos tóxicos.

■ Traballos no exterior.

É de especial importancia evitar a exposición á calor, sobre todo para que non se produzan situacións de deshidratación. Por outra banda, tamén hai que evitar o frío intenso e os cambios bruscos de temperatura (especialmente durante o embarazo e a lactación).

■ Manexo de praguicidas, fertilizantes e outros produtos químicos.

No tocante aos riscos químicos e biolóxicos para as mulleres, cómpre facer especial fincapé nos produtos químicos que se manexan nos tratamentos fitosanitarios. O uso e manexo destes produtos especialmente perigosos durante o embarazo, posparto e lactación debe ser evitado ao longo dos citados períodos, moi especialmente cando así o sinala o manual

de instrucións e a ficha de seguridade dos produtos.

Son ben coñecidos os grandes riscos da exposición a praguicidas nas etapas cruciais do desenvolvemento humano: etapa fetal, infancia e adolescencia, maternidade... Estas substancias poden penetrar a pel das mulleres, pasar ao sangue e, por medio desta, atravesar a placenta e chegar ao feto. Hai estudos que relacionan o uso destes produtos con baixo peso dos bebés, graves malformacións dos nenos e das nenas e aumento dos abortos espontáneos, cancro...

Remate de tellados e fachadas, e rehabilitación en vivendas no ámbito rural, conxuntos históricos e dos camiños de Santiago

Axudas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, conxuntos históricos e dos camiños de Santiago. Aínda non se abriu o prazo de solicitude de

axudas, pero pode irse facendo a tramitación da cualificación de actuacións protexidas, para poder acceder ás axudas que se convoquen no seu momento. Información máis detallada nos locais do SLG.

Incentivos para darse de alta na Seguridade Social

Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. O prazo remata o **30 de setembro**.

Axudas para a promoción do emprego autónomo

Programa para promover o emprego autó-nomo. O prazo de solicitude remata o **30 de setembro**, aínda que non pasasen os prazos específicos de cada tipo de axuda.

Medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Esta convocatoria inclúe dous tipos de axudas: Unha, de pagamento único, para mulleres vítimas con dificultade para encontrar emprego, e outra que supón o pago das indemnizacións ás vítimas establecidas por sentenza xudicial que non a reciben debido a insolvencia do agresor.

O prazo para solicitar as axudas nos casos de mulleres que sofren violencia e carecen de recursos está aberto ate o 30 de novembro de 2011; para solicitar as indemnizacións polos danos e prexuízos ocasionados polas situacións de violencia o prazo estará aberto ate o 31 de outubro de 2011.

Rexistro de maquinaria agrícola (ROMA)

Os labregos e labregas teñen a obriga de inscribir no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) toda a maquinaria de labranza agás instalacións fixas e mochilas e carretas de

aplicación de fitosanitarios. Toda a maquinaria agraria terá que estar inscrita no ROMA **antes do 15 de xullo de 2011**. Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas destinadas ás agrupacións de defensa fitosanitaria

Orde do 8 de xuño de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores e agricultoras membros de agrupacións de defensa fitosanitaria e se convocan para o ano 2011. O prazo para solicitar as axudas é de un mes e remata o **15 de xullo**.

Subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galiza

Este ano só saen para asociacións, fundacións, comunidades de montes e concellos. Non entran particulares nin empresas. Só para proxectos non produtivos. Os outros proxectos que se financiaban nesta liña suponse que entran no LEADER.

-Fomento de actividades turísticas, servizos básicos para a economía e a poboación rural: enerxía solar fotovoltaica ou térmica, implantación e mellora de servizos asistenciais, culturais, deportivos, educativos, recreativos e de lecer.

-Conservación e mellora do patrimonio rural: centros de interpretación e mellora do patrimonio etnográfico e cultural.

Permiten achegas en man de obra e en maquinaria propia. Anticipos pero con garantía bancaria. Prazo até o **28 de xullo**.

Plan de financiación do Ministerio de Medio Rural para o ano 2011

1.- MORATORIA DE 2 ANOS NO PAGO DE PRÉSTAMOS DE INCORPORACIÓN E PLANS DE MELLORA. Data límite: 31 de agosto.

2.- NOVOS PRÉSTAMOS CON AVAL SAECA. Só para producións gandeiras. Data límite: 31 de agosto. Ata 50.000 € e 30.000 € sen escrituras. Se se precisa un aval para que a entidade financeira conceda o préstamo. O Ministerio subvenciona o coste do aval. Periodo de amortización 5 anos con un de carencia. Tipo máximo 4,5%.

3.- LIÑA DE PRESTAMOS EN COLABORACIÓN CO ICO. O Ministerio subvenciona entre un 0,25 e 0,35% do tipo de interese. Esta bonificación percíbese o primeiro ano, dunha soa vez, como amortización anticipada do principal do préstamo.

Axudas para servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións

Axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias de Galiza. A data límite para a implantación ou inicio da actividade desde que se

solicita a axuda será o **30 de setembro** do ano da convocatoria.

A solicitude de axudas presentárase anualmente de acordo coa correspondente convocatoria.

Axudas no sacrificio obrigatorio de animais (bovino, ovino, cabrún)

Compensacións e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obriga-

torio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades animais. O prazo está aberto até o **21 de novembro de 2011**.

A Consellaría de Medio Rural declara época de perigo alto de incendios forestais do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2011

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES



016

Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Muíño de cereais trifásico, con moega de 800 quilos de capacidade. Prezo a convir. Chamar ao 696 541 247.

Véndese

-2 "tolvas" abertas para interior. Capacidade: 900 e 1400 quilos. Prezo a convir. Chamar ao 696 541 247.

Véndese

-Arado 3 pas, marca Internacional. Preguntar por Xosé Manuel no 696 660 023

Véndese

-Furgoneta Volkswagen 1.9 TD ano 1998. Preguntar por Xosé Lois Seoane no 626 315 059

Véndese

-Furgoneta Opel Vivaro ano 2005 100c.v. Chamar ao 667 469 962. Zona de Toques (A Coruña).

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-2 xovencas e 1 vaca de Raza Rubia Galega. Zona de Abegondo. Chamar ao 636 875 570.

Véndese

-Boi rubio. En Castroverde. Chamar ao 689 049 495

Véndese

-Sulfatadora Fitosa de 400 litros, con enrolador con 70 metros de manguera.
-Motor Honda 3.8
Na zona de Arbo (Pontevedra). Preguntar por Serxio no teléfono 669 557 483

Véndese

-Invernadoiro túnel de 250 m. Chamar ao 628 615 877 (Silleda)

Véndese

-Rotoempacadora JOHN DEERE 570
Chamar ao 648 911 341

Véndese

-2 vacas frisoas. Unha de dous anos acabada de parir, e outra de sete anos.
Preguntar á noite por Inocencio no 981 778 111

Véndese

-Viño Albariño, viño tinto do Condado (Souson, Brancellao e Caiño) e viño Mencía.
Na zona de Arbo.
Preguntar por Serxio no teléfono 669 557 483

Véndese

-Touro e 2 vacas rubias galegas, de 3 anos de idade e marcados por Acruaga. Na zona de Ortigueira.
Preguntar por Miguel no 630 381 188 ou por Maria no 619 937 274.

Véndese

-Cuba-bebedoiro de 2000 litros, galvanizada, case nova.
Chamar ao 637 545 179

Véndese

-Rotoempacadora Gallinani modelo 3200.
-Aboadora Nardi de 350 quilos.
Chamar ao 646 336 125

Véndese

-Colleitoradora de patacas marca GRIMME 650, con "tolva" alta e dirección.
-Regadio con motor de 14 CV
Chamar ao 619 904 183

Véndese

-Motor de rega. Saída 4", bomba de dobre turbina, motor de 45 CV. Na zona da Limia.
Chamar ao 666 396 285

Véndese

-Rotoempacadora marca DEUTZ FAHR, cámara variable, ano 2002. Pouco traballo, en moi bo estado. Na zona da Limia.
Chamar ao 670 769 182

Véndese

-Cinta elevadora. Lonxitude: 10 metros. Seminova. Zona da Limia.
Chamar ao 690 299 107

Véndese

-Encintadora Wolagri. Bo estado
Chamar ao 655 903 703

Véndese

-Autocargador Marangon 18 m3. En Castroverde.
Chamar á noite ao 982 175 512.

Véndese

-Máquina limpadora de centeo.
-Muño eléctrico.
-Muño de tractor.
Chamar aos números de teléfono 982 175 132 e 648 718 864

Véndese

-Autocargador Ford de 18 m.
-Rotativa Marangon de 1.70 m. Na zona de Guntín.
Chamar ao 606 841 910

Véndese

-Cisterna de 1.300 litros (1.000 €)
-Arrincadora de patacas de 2 sucos (1.100 €)
-Cinta cargadora de 2 metros (200 €)
-Clasificadora Maturana (250 €)
-Fresadora con 180 de corte (2.100 €)
-Tractor 160.D con revisión, en bo estado (3.000 €)
-Arado de mosquito (200 €)
Na zona da Limia (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995

Véndese

-Tractor 160.D con revisión, en bo estado (3.000 €)
-Arado de mosquito (200 €)
Na zona da Limia (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 988 458 034 e 660 543 995

Véndese

-Carro mesturador Nutrifed de 12 metros cúbicos, vertical, con pa de carga.
Chamar ao 615 696 220

Véndese

-Burra, na zona de Baños de Molgas (Ourense).
Chamar ao 669 143 494

Véndese

-Tanque de frío de 3.000 litros. Zona de Friol.
Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Tractor Súper 55-Circuito de muxido Alfa-Laval de 3 puntos.
-Tanque de frío Alfa-Laval de 730 litros
En Sobrado.
Chamar ao 619 978 883.

Véndese

-Viño do país, augardente e licores.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Cachorros de Mastín Leonés, en Mesía (A Coruña).
Chamar ao 659 927 961

Véndese

-Volkswagen Golf serie 3 1900 diesel coa ITV acabada de pasar.
Chamar ao 677 647 508 polas tardes.

Véndese

-Tanque de leite de catro muxidos, 1.500 litros, marca PACKO.
Chamar ao 620 276 860

Véndese

-Tractor EBRO 6125DT, dobre tracción e 125 CV
Chamar aos números de teléfono 625 180 903 e 982 177 903

Véndese

-Vacas e xovencas frisonas.
-Maquinaria agrícola: Picador, estendedor e rotativa.
En Portomarin (Lugo).
Preguntar por María no teléfono 622 726 687

Véndese

-Audi 80 1.9 TDI (Año 93), Turbo intercooler, ABS, aire acondicionado. Impecable. 2.700 € (gastos transferencia incluídos).
-Volkswagen Golf (serie III) 1.9 TD, correa de distribución e rodamentos novos, 2400 € (Gtos. transferencia incluídos)
Preguntar por Xoán no teléfono 606 616 139

Véndese

-Tractor de tracción Case 845 de 80 CV.
-Rotativa de 1,70.
-Fresa de 7 rodillos.
-Estendedor.
-Remolque.
-Cisterna de 2.500 litros.
-Cultivador.
-Desbrozadora de brazo.
-Aboadora.
-Vacas do país e xovencas.
En Boimorto (A Coruña)
Chamar ao 696 090 165

Véndese

-Cinta transportadora de 8 m. Na zona da Limia. Casas da Veiga.
Chamar ao 618 269 375

Véndese

-Rastrillo e potro de mirar os pés ás vacas. Bo estado.
En Cambre (A Coruña)
Preguntar por Guzmán no teléfono 981 670 725.

Véndese

-Xata rubia e frisonas.
-Tanque de frío de 3.000 litros.
Chamar aos números 982 157 768 e 697 422 304 (Portomarin).

Véndese

-Seat Toledo. Bo estado e prezo.
Preguntar por Xabier no teléfono 617 819 778

Véndese

-Máquina segadora rotativa de dous tambores marca CLASS, 1,85 de corte, botella hidráulica.
Chamar ao 651 097 098

Véndese

-Rotoempacadora MORRA Especial 1.200, en bo estado e con documentación no concello de Sobrado dos Monxes (A Coruña).
Chamar ao 981 787 679

Véndese

-Colleitoradora de patacas de dous regos marca GUERRA. Con 5 campañas (800€). Zona Betanzos.
Preguntar por Xesús no teléfono 626 886 645

Véndese

-Vacas e xovencas, raza Frisona. Con carta.
Chamar ao 686 878 699

Véndese

-Rolos de herba seca, en Neira de Rei (Lugo).
Chamar ao 630 906 599

Véndese

-Autocargador KRONE 2900 Turbo
-Coche BMW 316, ano 1994, 210.000 Km (1.800 € negociables). Zona de Oroso (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 695 588 ou 616 343 611

Véndese

-Vacas do país, chegadas a parir.
Chamar ao 617 243 526 (Melide)

Véndese

-Emboladora Carraro 1200.
-Rotativa de 2 discos.
Preguntar por Xosé Luís no número 982 450 326. O Saviñao.

Véndese

-Aboadora na zona de Mesía.
Chamar ao número de teléfono 981 694 167

Véndese

-Reparditor de esterco marca Herculano. 6'5 m3, 4 molinetes verticais. Ano 2001. Unha soa man, con documentación. Pódese probar.
Na zona da Limia (Ourense).
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Cisterna 3.000 litros con depresor de 5.000 litros seminova
-Enroladora John Deere 570
-Rotativa Deutz Fahr 1.95
-Autocargador JB 22 m
Todo seminovo. Zona de Lugo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Autocargador rotativo que funciona. Económico. Zona Curtis.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Remolque de tractor preparado para bolas de herba
-Coche Audi 80 1.8 E
-Muño para moer millo en cana verde para enganchar a tractor
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260 (Paradela, Lugo)

Véndese

-Xovencas frisonas. Boa xenética. Control leiteiro. Libre IBR, BVD. Media produción gandeira de 10.300 litros. Cualificación de 81. (Betanzos)
Chamar aos números de teléfono 610 962 132 ou 981 196 919

Véndese

-Invernadoiro de 250 m² na zona de Silleda.
Chamar ao 628 615 877

Véndese

-Empacadora BATLLE modelo 142. En Becerreá.
Chamar ao 686 386 215.

Véndese

-Canón de rego de 300 m. e manguera de 90 cm. En Sandiás (Ourense).
Chamar ao 677 121 034

Véndese

-Autocargador picador Pottinger Faro 3500, con 150 horas de uso. Na comarca do Deza.
Chamar ao número 647 777 498 de 19 a 22 horas.

Véndese

-Remolque semipicador Marangón de 22 metros. Descarga hidráulica.
Chamar ao 638 556 506

Véndese

-Silos de penso de 5.000 e 2.000 quilos.
Na zona de Compostela
Preguntar por María Xesús no número 629 927 005

Véndese

-Rotativa de 1,85 por 1.200 euros.
Chamar ao 649 147 614.

Véndese

-Autocargador Class.
-Ventilador para as cortes. (Zona Compostela)
Chamar ao 677 244 325

COMPRAS

Mércase

-Desbrozadora para un AGRÍOLA 900 (pequeno). Zona de Oleiros.
Chamar aos números de teléfono 981 663 945 e 666 629 122.

Mércase

-Comedeiro para xatos. Preferiblemente pequeno.
Chamar a Reme ao 687 029 455.

Mércase

-Abono de polos.
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Mércase

-Muño de cereal con adaptador para tractor.
Chamar aos números de teléfono 666 396 285 ou 988 454 227

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Necesítase

-Empregado para explotación de leite n'A Pastoriza (Lugo).
Chamar ao 628 616 664

Precísase

-Persoa para a recollida de peamentos en Herbón (Padrón). Meses de xuño, xullo, agosto e setembro.
Chamar ao 697 083 402

Fanse traballos

-De limpeza de parcelas, agrícolas e de monte por toda a provincia d'A Coruña.
Consúltanos nos teléfonos 686 572 812 e 657 458 610

Ofrécese

-Persoa responsable e con experiencia para traballar en explotación gandeira ou agraria, tanto ao xornal como a xornada completa. Desbrosques de montes e parcelas. Preferiblemente comarcas do Condado e Paradanta (Pontevedra).
Chamar ao 659 623 020

Fanse

-Traballos en pozos artesáns (limpar, afondar, emparedar...). Equipado con elevador para sacar terra, bomba de achique con manguera ata 25 m de fondo e 50mm de diámetro, martelo picador e equipo de ventilación.
Desprazámonos. Presupostos sen compromiso.
Preguntar por Fernando no número 662 084 529

Busco traballo

-Experiencia en administración e contabilidade de empresas. Disponibilidade para viaxar.
Preguntar por Lorena no teléfono 616 014 551 ou escribir ao enderezo: lorena-bodeal@hotmail.com

Precísase

-Unha persoa para traballar nunha explotación de leite a media xornada no concello de Aranga.
Chamar ao 680 547 556

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ ao SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Cerimonia de entrega do Pedrón de Ouro 2011 a Lidia Senra Rodríguez

O Padroado do Pedrón de Ouro concedeu a súa máxima distinción á que fora secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego entre 1989 e 2007, e actual secretaria de Organización, Lidia Senra. Trátase dun prestixioso galardón que non só premia a traxectoria da nosa compañeira, senón que reconece, a maiores, o papel fundamental do SLG como organización agraria e das mulleres labregas na historia e loita social deste país. Unha xornada de festa e celebración que deu azos para que este sindicato siga na vangarda das reivindicacións agrarias da nación galega.

O Pedrón de Ouro reconece a traxectoria de Lidia Senra, do SLG e a loita das labregas

No comunicado oficial do Padroado do Pedrón de Ouro, recoñécese a Lidia Senra como “líder indiscutible do sindicalismo labrego galego, feminista galega e referencia obrigada dentro do movemento agrario europeo e internacional”.

Aínda que este galardón recaeu en Lidia Senra, o Pedrón de Ouro quixo render homenaxe tamén, co

premio, ás mulleres labregas de Galiza, para “visibilizar e valorar o seu traballo colectivo”.

Xunto a Lidia tamén foron premiada e premiado Aurora López e Andrés Pociña, co Pedrón de Honra, pola súa longa traxectoria na investigación e creación culturais e, en especial, polos seus traballos sobre a obra e pensamento de Rosalía de Castro.



De arriba a abaixo, e de esquerda a dereita:
[1] Ofrenda floral ao monumento de Rosalía de Castro; á dereita de Lidia, o grupo de música tradicional agolense Bico da Balouta e, á súa esquerda, a galar-dada e o galardoado co Pedrón de Honra, Aurora López e Andrés Pociña. [2] Lidia Senra co pergameo do Pedrón de Ouro 2011. [3] Algunha das persoas do Sindicato Labrego Galego que acompañaron a Lidia durante a xornada. [4] Intervención de Lidia Senra, tras recibir o Pedrón de Ouro, baixo a mirada atenta de Avelino Pousa Antelo, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas e Pilar García Negro.